



ANTECEDENTES

Primeiro.- O calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento para o curso 2020/2021 aprobado polo Consello de Goberno o 01/07/2020 dispón que o 2º prazo ordinario de matrícula naqueles programas nos que se oferten prazas será do 11 ao 16 de marzo de 2021.

Segundo.- O 27/01/2021 publicouse no DOG a Orde pola que se convocan as axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG-2021. Un dos requisitos esixidos para poderen participar nesta convocatoria é estar matriculado nun programa de doutoramento no presente curso 2020/2021 e ter o plan de investigación aprobado con anterioridade ao remate do prazo de presentación da solicitude.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- Artigo 36 dos *Estatutos da Universidade da Coruña*, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, no que se establecen as competencias do reitor.

2.- Normas de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento para o curso 2020/2021, aprobadas en Consello de Goberno do 23 de xullo de 2020, artigo 12 polo que se faculta a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente para ditar as resolucións e as instrucións precisas que aclararen, interpretaren ou desenvolveren esta normativa académica.

Debido ao adianto da convocatoria das axudas predoutorais por parte da Xunta de Galicia con respecto ao 2º prazo de matrícula establecido pola UDC, e co obxectivo de permitir aos estudantes que accedan ao doutoramento neste segundo prazo a posibilidade de participar na convocatoria destas axudas,

RESOLVO:

1.- **Abrir un prazo extraordinario e urxente de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento unicamente naqueles programas nos que queden prazas vacantes**, de acordo cos requisitos e coas condicións das normas de admisión e matrícula no presente curso, co seguinte calendario

- **Do 5 ao 9 de febreiro de 2021:** Solicitude de admisión, que deberán realizar nas UADIS das facultades onde se imparten os programas, entregando a solicitude xunto coa documentación de acceso requirida.
- **11 de febreiro de 2021:** Publicación da lista provisional de alumnado admitido e excluído.
- **Do 12 ao 15 de febreiro de 2021:** Reclamacións á lista provisional.
- **17 de febreiro de 2021:** Publicación da lista definitiva de alumnado admitido e excluído. Comunicación desta lista á Oficina de Doutoramento.
- **18 de febreiro 2021:** Matrícula na Oficina de Doutoramento. Pode solicitarse enviando un correo a terciclo@udc.es.

2.- Só poderán solicitar a admisión e matricularse neste prazo extraordinario as persoas que participen na convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG-2021 e que reúnan os requisitos que nela se esixen para ter dereito á axuda.

3.- A adxudicación destas prazas non prexudicará ás persoas que soliciten a admisión e matrícula no segundo prazo ordinario. Garantirase a admisión ás persoas que acaden no proceso de selección unha valoración superior ou igual á da última persoa admitida neste prazo extraordinario.

A Coruña,

(P. Delegación do Reitor, R.R. 14/01/2020)

Documento asinado electrónicamente pola Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente